

# **PLAN DE CONTINXENCIA DO CEIP PETELOS**

## **ÍNDICE:**

<b>1.- DATOS DO CENTRO.....</b>	<b>2</b>
<b>2.- ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN GROMO.....</b>	<b>3</b>
<b>3.- ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.</b>	<b>5</b>
<b>4.- MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.....</b>	<b>6</b>
<b>5.- ANEXOS: .....</b>	<b>7</b>

**ANEXO I: HORARIOS E METODOLOXÍA DE TRABALLO PARA O ENSINO NON PRESENCIAL.**

- *Resolución do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.*
- *Protocolo de Adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021. (Versión 4/11/2020)*
- *Instrucións do 30 de Xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, nos centros docentes da Comunidade de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación obrigatoria e bacharelato.*

## **1.- DATOS DO CENTRO**

<b>Código</b>	<b>Denominación</b>
36019441	<b>CEIP DE PETELOS</b>

<b>Enderezo</b>		<b>C.P.</b>
Camiño das Pozas 21- Estivada- Petelos		36416
<b>Localidade</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>
Mos	Mos	Pontevedra
<b>Teléfono</b>	<b>Correo electrónico</b>	
886110360	<a href="mailto:ceip.petelos@edu.xunta.gal">ceip.petelos@edu.xunta.gal</a>	
<b>Páxina web</b>		
<a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepelotos/">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepelotos/</a>		

O Plan de Continxencia do CEIP de Petelos ten por finalidade establecer os procesos para a continuidade e reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

## **2.- ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO**

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID- 19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

- Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar material de protección adecuado:
  - Máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
  - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigabilidade da utilización de pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de EDUCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5 A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que teña que estar illada unha parte do centro (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no protocolo, na resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 e na Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros sostidos con fondos públicos na Comunidade de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento do ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia COVID-19, relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

### **3.- ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo propio profesor o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teñan dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a. Traballo a través da aula virtual ou outro tipo de plataformas (Snappet), para continuar co traballo dos contidos recollidos nas programacións.
- b. Contactos coas familias a través do abalar-móbil, correo electrónico e en caso de que fora necesario vía telefónica.
- c. Mantemento da web do centro, para as informacións xerais e traballos dos alumnos de infantil, 1º e 2º de E.P.
- d. Para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial segundo o establecido neste Plan de Continxencia, estableceremos unha planificación horaria de traballo entre o profesorado e o seu grupo de alumnos/as dende terceiro ata sexto de E.P.(ver **Anexo I** deste documento). Esta planificación pretende reflectir o establecido no modo presencial de xeito que se manteña o vinculo co alumnado do xeito máis coherente posible tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve.

#### **4.- MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.

## **ANEXO I**

### **HORARIOS E METODOLOXÍA DE TRABALLO PARA O ENSINO NON PRESENCIAL.**

De terceiro en adiante este será o horario a seguir por tódalas clases para facelo todos ao mesmo tempo e que así os especialistas poidan conectarse a súa hora coa clase correspondente e non haxa problemas de horario.

1ª sesión	10:00-10:30
2ª sesión	10:30-11:00
3ª sesión	11:00-11:30
DESCANSO	11:30-12:00
4ª sesión	12:00-12:30
5ª sesión	12:30-13:00

No caso de que tan so sexa un alumno ou grupo de alumnos (non unha clase completa) diariamente o seu titor lle enviará o traballo a través da aula virtual, snappet, libros dixitais...e a maiores poderán facer unha conexión diaria vía wébex para resolución de dúbidas, explicacións...nunha hora acordada previamente.

#### **0.- EDUCACIÓN INFANTIL:**

En función da situación sanitaria poderemos contemplar distintos escenarios que serían ( ademais da actividade lectiva presencial) actividade lectiva semipresencial e/ ou non presencial. Para estas dous últimas posibilidades traballaremos a través da páxina web do cole. Semanalmente se irán propoñendo traballos que os nenos irán realizando nas súas casas e mandarán de volta por fotos, videos...para poder observar a súa evolución. Estes traballos que se propoñan estarán relacionados coas areas de aprendizaxe e contribuirán á adquisición das competencias básicas.

Tamén faremos videoconferencias semanais a través da aplicación Cisco Webex Meeting proporcionada pola Xunta de Galicia.

Para contactar cos pais, utilizaremos distintos medios, como Abalar Móbil, correo electrónico e teléfono.

As titorías cos pais serán vía telefónica ou por videoconferencia e se atenderán con cita previa



## 1.- PRIMEIRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A metodoloxía a empregar para impartir clases de xeito non presencial sería a seguinte:

- Utilizaríamos a web do colexio e o correo corporativo para a comunicación coas familias. Así como webex, para as conferencias, mantendo a hora semanal de tutoría.
- Dúas veces por semana , colgaríanse tarefas integradas para que o alumnado desenvolvese:
  - Sendo nas linguas a mesma dinámica que nas aulas presenciais: dúas novas letras por semana, repaso das anteriores e xogos de conciencia fonolóxica máis grafomotricidade.
  - En matemáticas utilizaríamos os recursos da editorial de maneira online.
  - Nas áreas de ciencias da natureza e ciencias sociais, seguiríamos cos proxectos pendentes e colgaríamos os vídeos.
  - Na área de valores, seguiríamos co traballo das emocións.
  - E por último en educación artística , rematando o traballo de outono comezaríamos co de Nadal.

## 2.- SEGUNDO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00-10:30	INGLÉS	Matemáticas	MÚSICA	L.C.	Matemáticas
10:30-11:00	Matemáticas	L.C.	Matemáticas	L.C.	E.F.
11:00-11:30	L.C.	C.S.	RELIXIÓN	Matemáticas	L.G.
11:30-12:00	DESCANSO				
12:00-12:30	C.N	L.G.	L.G.	C.S.	C.N.
12:30-13:00	L.G.	E.F.	Plástica	INGLÉS	Valores

### 2.1- ORGANIZACIÓN DAS SESIÓNS

1ª parte: proposta de traballo a través do blog de aula ou a través do padlet de aula ,

algunhas tarefas de traballo estarán dispoñibles na aula virtual.

2ª parte: Consulta de dúbidas e entrega de tarefas a través do correo electrónico ou CiscoWebex.

## 2.2-METODOLOXÍA NO ENSINO ON LINE

Priorizar propostas abertas que posibiliten a súa realización e entrega por diferentes medios (correo electrónico, padlet, aula virtual) favorecendo tarefas significativas.

Priorizar contidos esenciais, fuxindo da presión por rematar programas e consolidando aprendizaxes significativos para poder continuar o próximo curso sen atrancos.

Permitir, dentro do posible, horarios abertos que faciliten a conexión do alumnado, en función das características e problemáticas familiares.

Flexibilizar prazos de entrega e ter en conta as características e dificultades de cada entorno familiar.

Tentar propor tarefas:

- con diferentes grados de realización e dificultade.
- diversas para traballar un mesmo contido.
- de reforzo dos obxectivos mínimos e prioritarios.
- con diferentes posibilidades de execución.
- de libre execución segundo as posibilidades do alumnado.
- que faciliten a manipulación e teñan aplicación na vida cotiá.

## 2.3- SEGUIMIENTO DO ALUMNADO

### Actividade lectiva

- Intercambios orais co alumnado a través das videoconferencias con CiscoWebex e teléfono.
- Análises das produccions do alumnado: traballos entregados a través do correo electrónico ou calquera outro medio que lles facilite a entrega as familias.
- Probas específicas a través de calquera dos medios que estean a disposición do alumnado.

### Titorías:

Realizaremos dous tipos de titorías, **titorías cos pais**, serán , de ser posible por parte das familias, os martes pola tarde de catro a cinco, sempre que vexamos unha dificultade para desenvolver o traballo, desconexión, falta de comunicación por parte da familia, falta de entrega das tarefas, mala realización das mesmas...

Poderán solicitala as familias ou a profe.

**Titoría cos alumnos/as.** Debido a idade do alumnado acompañados dos seus titores. Dúbdas, dificultades cara o traballo, falta de motivación ...

Para realizar as titorías podemos empregar CiscoWebex ou o teléfono.

### 3.- TERCEIRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00 - 10:30	MATEMÁTICAS Videoconferencia Traballo individual	L. GALEGA Videoconferencia Traballo individual	C. NATUREZA Videoconferencia Traballo individual	L. CASTELÁ Videoconferencia Traballo individual	C. SOCIAIS Videoconferencia Traballo individual
10:30 - 11:00	L. CASTELÁ Videoconferencia Traballo individual	MÚSICA Videoconferencia Traballo individual	L. CASTELÁ Videoconferencia Traballo individual	MATEMÁTICAS Videoconferencia Traballo individual	INGLÉS Videoconferencia Traballo individual
11:00 - 11:30	INGLÉS Videoconferencia Traballo individual	RELIXIÓN/VSC Videoconferencia Traballo individual	L. GALEGA Videoconferencia Traballo individual	INGLÉS Videoconferencia Traballo individual	MATEMÁTICAS Videoconferencia Traballo individual
11:30 - 12:00	DESCANSO				
12:00 - 12:30	ED. FÍSICA Videoconferencia Traballo individual	L. CASTELÁ Videoconferencia Traballo individual	MATEMÁTICAS Videoconferencia Traballo individual	L. GALEGA Videoconferencia Traballo individual	L. GALEGA Videoconferencia Traballo individual
12:30 - 13:00	C. SOCIAIS Videoconferencia Traballo individual	C. NATUREZA Videoconferencia Traballo individual	ED. FÍSICA Videoconferencia Traballo individual	C. SOCIAIS Videoconferencia Traballo individual	PLÁSTICA Videoconferencia Traballo individual

#### 3.1.ORGANIZACIÓN DAS SESIÓNS

##### PRIMEIRA PARTE

- **Videoconferencia:** realizaranse a través de plataforma CiscoWebex ao comezo de cada sesión para as explicacións dos contidos a traballar e permitirá, a súa vez, a interacción en tempo real co alumnado, compartir a pantalla para que as explicacións sexan claras, resolver dúbdas e ver modelos dos exercicios que terán que realizar ao finalizar a conexión.

##### SEGUNDA PARTE

- **Traballo individual:** o traballo individual pode abarcar tanto as tarefas da Aula

Virtual, como as actividades de Snappet, traballo no caderno, a realización de actividades interactivas das diferentes páxinas web e plataformas que versarán sobre os contidos traballados e explicados na videoconferencia (liveworksheet, Wordwall...)

### **3.2.METODOLOXÍA NO ENSINO ONLINE**

A metodoloxía didáctica empregada no ensino online continuará a ser comunicativa, activa e participativa e versará nos mesmos principios metodolóxicos que o ensino presencial como manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado e potenciar a autonomía. Priorizaremos tarefas globais nos diferentes ámbitos curriculares con propostas abertas que posibiliten a súa realización e entrega a través da aula virtual e correo electrónico.

Do mesmo xeito, e complementando as actividades da aula virtual, para as áreas de lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura e matemáticas, utilizarase a plataforma dixital SNAPPET para traballar online dende a casa despois das explicacións pertinentes a través da videoconferencia.

O traballo online estará enfocado ao logro dos estándares de aprendizaxe do curso que nos ocupa e das competencias clave. As tarefas serán globalizadas e facilitarán o desenvolvemento das competencias co deseño, modificación e busca de actividades interactivas e lúdicas a través do desenvolvemento da competencia dixital polo emprego continuado das aplicacións pertinentes necesarias para a realización das actividades nela propostas.

Priorizaremos, na medida do posible, horarios flexibles que faciliten a conexión do alumnado así como os prazos de entrega das diferentes tarefas en función das características e circunstancias familiares.

#### **- ACTIVIDADES TIPO:**

- Videos relacionados cos contidos.
- Realización de actividades interactivas sobre os contidos: liveworksheet, kahoot, genially...
- Definir termos

- Explicación do tema a través cisco webex.
- Contestar por escrito, preguntas sobre o texto ou video
- Realización de descripciones
- Realización de cuestionarios

**- RECURSOS E MATERIAIS A UTILIZAR NO ENSINO ONLINE:**

- Aula virtual
- Cisco webex
- Abalar móbil
- Teléfono persoal
- SNAPPET
- Libros de texto e licencias dixitais dos mesmos.
- Fichas dixitais
- Ordenador, Internet, webs 2.0.

**3.3.SEGUIENTO DO ALUMNADO DURANTE O ENSINO ONLINE**

- Observación sistemática nas videoconferencias.
- Intercambios orais co alumnado a través das videoconferencias con CiscoWebex, chat de Snappet e aula virtual e teléfono.
- Análise das producciones do alumnado entregados a través de aula virtual, Snappet, fichas interactivas ou correo electrónico.

**3.4.TITORÍAS ONLINE**

Na distribución horaria establecerase unha sesión de titoría para o alumnado e outra para as familias. Así, deste modo, as **titorías para as familias**, realizaranse, ao ser posible, os martes pola tarde de catro a cinco sempre que vexamos unha dificultade para desenvolver o traballo, desconexión, falta de comunicación por parte da familia, falta de entrega das tarefas ou calesquera circunstancias que redean a familia.

As **titorías coas alumnas/os**, realizarémolas cando se note falta de motivación, cansanzo emocional ou calesquera circunstancias que redean o entorno da nena/o.

As titorías realizaranse a través de plataforma CiscoWebex ou telefonicamente.

#### **4.- CUARTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

HORARIO ESPELLO DE 4ºA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00-10:30	L.C.	MÚSICA	INGLÉS	L.C.	L.G.
10:30-11:00	INGLÉS	E.F.	L.C.	C.S.	MATEMÁTICAS
11:00-11:30	L.G.	L.C.	L.G.	MATEMÁTICAS	INGLÉS
11:30-12:00	DESCANSO				
12:00-12:30	MATEMÁTICAS	L.G.	INFORMÁTICA	E.F.	C.N.
12:30-13:00	C.S.	MATEMÁTICAS	R / V	C.N.	PLÁSTICA

HORARIO ESPELLO 4º B

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00-10:30	L.C.	L.C.	L.C.	L.C.	L.G.
10:30-11:00	L.G.	L.G.	L.G.	INGLÉS	NATURAIS
11:00-11:30	MATEMÁTICAS	E.F.	MATEMÁTICAS	C.S.	MATEMÁTICAS
11:30-12:00	DESCANSO				
12:00-12:30	INFORMÁTICA	MATEMÁTICAS	INGLÉS	C.N.	R/V
12:30-13:00	INGLÉS	C.S.	MÚSICA	E.F.	PLÁSTICA

##### **4.1. ORGANIZACIÓN DAS SESIÓNS**

1ª parte : explicación e resolución de dúbidas.

2ª parte: posible correccións e traballos en directo.

3ª parte: proposta de traballo no caderno, na aula virtual ou noutra plataforma (Snappet, liveworksheet...) para que alumnado faga despois da conexión.

## **4.2. METODOLOXÍA NO ENSINO ON LINE**

Priorizaremos tarefas globalizadas nos diferentes ámbitos curriculares, con propostas abertas que posibiliten a súa realización e entrega por diferentes medios (Aula virtual, correo electrónico...) favorecendo tarefas significativas.

Priorizaremos contidos esenciais, fuxindo da presión por rematar programas e consolidando aprendizaxes significativos para poder continuar o próximo curso sen atrancos.

Permitiremos, dentro do posible, horarios abertos que faciliten a conexión do alumnado, en función das características e problemáticas familiares.

Flexibilizaremos prazos de entrega e teremos en conta as características e dificultades de cada entorno familiar.

Tentaremos propor tarefas:

- con diferentes grados de realización e dificultade.
- diversas para traballar un mesmo contido.
- de reforzo dos obxectivos mínimos e prioritarios.
- con diferentes posibilidades de execución.
- de libre execución segundas posibilidades do alumnado.
- que faciliten a manipulación e teñan aplicación na vida cotidiana.

## **4.3 SEGUIMIENTO DO ALUMNADO DURANTE O ENSINO ON LINE**

**Actividade lectiva:**

- Observación sistemática nas videoconferencias.
- Intercambios orais co alumnado a través das videoconferencias con CiscoWebex, chat de Snappet e Aula Virtual e teléfono.
- Análises das produccions do alumnado: traballos entregados a través de aula virtual, Snappet, fichas de Liveworksheets , correo electrónico ou calquera outro medio que lles facilite a entrega as familias.
- Probas específicas a través de calquera dos medios que estean a disposición do alumnado.

## Titorías:

Realizaremos dous tipos de titorías, **titorías cos pais**, serán , de ser posible por parte das familias, os martes pola tarde de catro a cinco, sempre que vexamos unha dificultade para desenvolver o traballo, desconexión, falta de comunicación por parte da familia, falta de entrega das tarefas, mala realización das mesmas...

Poderán solicitala as familias ou as profes.

**Titoría cos alumnos/as.** Cando notemos falta de motivación cara o traballo ou algún tipo de dificultade teremos una titoría falando directamente co cativo/a. Terá un carácter flexible.

Para realizar as titorías podemos empregar CiscoWebex ou o teléfono.

## 5.- QUINTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRC.	XOVES	VENRES
1ªh.	MAT	LC	MAT	INGLÉS	LC
2ªh.	LG	ING.	REL/VAL	MÚS	NATURAIS
3ªh.	LC	PLÁS.	LG	MAT	EF
DESCANSO					
4ªh.	SOCIAIS	LG	NATURAIS	LC	LG
5ªh.	EF	MAT	INGLÉS	SOCIAIS	MAT

- Conexión ás 10:00

Na primeira sesión da mañá irei indicando o traballo que realizaremos por Webbex, Aula Virtual, libros dixitais, programa Snappet, Leoteca , Edudigital ou traballo escrito.

- En cada sesión mandarei tarefa para continuar traballando ata completar ó horario con 2 horas máis de traballo persoal.
- 1 hora para titorías cos alumnos: os martes e venres, de 13:00 a 13.30 h permanecerei conectada para resolver dúbidas.
- 1 hora para titorías cos pais: os martes de 16:00 a 17:00 h, previa cita e telefónicamente. Ademais poderán escribirme ao meu correo electrónico.
- Os especialistas terán que conectarse á súa hora dentro da sala do titor.



## **6.- SEXTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00-10:30	Informática	Lingua Cast.	Lingua Gal.	Lingua Gal.	Lingua Cast.
10:30-11:00	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Valores/Relix.
11:00-11:30	Lingua Gal.	Sociais	Inglés	Naturais	Matemáticas
<b>11:30-12:00</b>	<b><i>Descanso</i></b>	<b><i>Descanso</i></b>	<b><i>Descanso</i></b>	<b><i>Descanso</i></b>	<b><i>Descanso</i></b>
12:00-12:30	Naturais	Ed. Física	Lingua Cast.	Sociais	Ed. Física
12:30-13:00	Sociais	Inglés	Plástica	Música	Inglés

### **6.1.- ORGANIZACIÓN:**

Ás 9:45 farase a conexión, para traballar na explicación ou corrección de cada materia no horario establecido no cadro anterior.

Dependendo da materia que toque na sesión, será o titor ou o especialista quen disporá desa media hora para comunicarse co alumnado da aula a través de videoconferencia, aula virtual, chat...

**Titoría co alumnado:** Luns e mércores de 16:00 a 17:00, a través de chat, teléfono, videoconferencia...

**Titoría cos pais e nais:** Martes de 16:00 a 17:00, a través de teléfono, videoconferencia...

### **6.2.- METODOLOXÍA:**

As materias impartidas polo titor se desenvolverán do seguinte xeito:

As línguas e as matemáticas explicaranse e traballaranse seguindo a plataforma **Snappet**, na que xa traballaron o curso pasado a distancia, e están a traballar neste primeiro trimestre como reforzo do traballado na aula.

Para traballar as Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais e demais, empregaremos a **aula virtual**, na que o profesor colgará a información, actividades e tarefas de cada tema para que o alumnado siga mellorando a súa aprendizaxe.

O horario do cadro servirá como guía para explicacións, correccións..., deixando as actividades e reforzo para facer pola tarde na hora que mellor lle vaia a cada alumno/a, pero que debe ser dunha duración de entre unha hora e hora e media.

**7.- HORARIO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

**\*\*Horario da Xefa do Departamento de Orientación  
Tania Correa Pérez\*\***

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
10:00 – 10:30	D.O. CEIP Mestre Valverde Mayo	D.O. CEIP Petelos	D.O. CEIP Petelos	Itinerancia	Itinerancia
10:30 – 11:00	D.O. CEIP Mestre Valverde Mayo	D.O. CEIP Petelos	D.O. CEIP Petelos	D.O. CEIP Petelos	D.O. CEIP Mestre Valverde Mayo
11:00 – 11:30	D.O. CEIP Mestre Valverde Mayo	D.O. CEIP Petelos	D.O. CEIP Petelos	D.O. CEIP Petelos	D.O. CEIP Mestre Valverde Mayo
11:30 – 12:00	DESCANSO	DESCANSO	D.O. CEIP Mestre Valverde Mayo	DESCANSO	DESCANSO
12:00 – 12:30	D.O. CEIP Mestre Valverde Mayo	D.O. CEIP Petelos	D.O. CEIP Mestre Valverde Mayo	D.O. CEIP Petelos	D.O. CEIP Mestre Valverde Mayo
12:30 – 13:00	D.O. CEIP Mestre Valverde Mayo	D.O. CEIP Petelos	D.O. CEIP Mestre Valverde Mayo	D.O. CEIP Petelos	D.O. CEIP Mestre Valverde Mayo

**\*\*Horario da mestra especialista en AL  
María VILLASANTE\*\***

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
10:00 – 10:30	5º EP	3º EP	1º EP	6º EI	3º EP
10:30 – 11:00	5º EP	6º EI	1º EP	5º EI	6º EI
11:00 – 11:30	3º EP	5º EI	5º EP	5º EI	6º EI
11:30 – 12:00	D E S C A N S O				
12:00 – 12:30	5º EP	2º EP	5º EP	6º EI	2º EP
12:30 – 13:00	4º EP	1º EP	5º EI	6º EI	5º EI

**\*\*Horario da mestra especialista en PT  
María Jesús Navarta\*\***

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
10:00 – 10:30	3º E.P.	4º B- E.P.	5º E.P.	4º B- E.P.	4º A-E.P.
10:30 – 11:00	3º E.P.	5º E.I.	3º E.P.	6º E.I.	6º E.I.
11:00 – 11:30	5º E.P.	5º E.I.	3º E.P.	6º E.P.	1º E.P.
11:30 – 12:00	D E S C A N S O				
12:00 – 12:30	5º E.I.	1º E.P.	2º E.P.	5º E.P.	2º E.P.
12:30 – 13:00	6º E.P.	5º E.I.	2º E.P.	4º A- E.P.	2º E.P.

Tal e como se recolle no Anexo I do Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 (Versión 04-11-2020), “*Garantirase en todo momento a atención a diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso*”.

Tendo en conta estas premisas, o DO garantirá a atención individualizada e grupal que se recolle no Plan Xeral de Atención á diversidade a través das canles virtuais que estableza o titor/a de cada nivel educativo e respectando ás sesións de atención. Tamén se apoiará, aportando ás titorías o material que precisen para o reforzo e a atención deste alumnado.

Estes horarios poden ser modificados en función da evolución de cada neno ou nena e de novas deteccións de necesidades.

**As especialistas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe actuarán do seguinte xeito en caso de corentena total ou parcial:**

- Estarán dispoñibles para o alumnado ao que prestan apoio nos horarios arriba indicados. Avisarase mediante chamada telefónica ás familias por se houbera dúbidas.
- Para as conexións será preciso que este alumnado se conecte virtualmente co especialista en cuestión.
- En caso de sesións grupais, o especialista enviará o enlace da súa aula ao grupo co que vai traballar.
- O enlace será colgado con anticipación na aula virtual de cada curso.
- En casos de reforzo, colgarase o material necesario para o traballo con este alumnado na aula virtual de PT ou de AL indicando o curso do alumno ou alumna.